

REGULAMENTO DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

Obxecto do presente regulamento

O obxecto deste regulamento é establecer as normas para a realización, asignación de titores, elección de **centros** e avaliación das prácticas académicas externas (PAE) do alumnado do *Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural* pola Universidade de Vigo.

1. Aspectos xerais

Art. 1. De acordo coa planificación docente do *Máster Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural* pola Universidade de Vigo, que se axusta ao RD 592/2014, é requisito indispensable para a consecución do título a realización de prácticas académicas externas cunha carga docente de 6 créditos ECTS.

Art. 2. As prácticas académicas externas (PAE) deberán realizarse no marco do convenio de cooperación educativa suscrito entre as distintas entidades colaboradoras e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento dun programa de prácticas profesionais dos/das estudantes do *Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural* pola Universidade de Vigo.

Art. 3. As prácticas realizaranse preferentemente de modo presencial, aínda que se terá en conta tamén a posibilidade de que se fagan tanto a distancia, a través da modalidade en liña, coma de forma semipresencial.

Art. 4. A Comisión Académica do Máster (CAM) aprobará os contidos do proxecto formativo en que se concreta a realización de cada práctica académica externa, incluídos os obxectivos educativos, tendo en conta as competencias que adquirirá o estudantado e as actividades que desenvolverá. O proxecto formativo definirase de forma que asegure a relación directa das competencias adquiridas cos estudos do Grao.

Art. 5. A CAM estimulará a búsqueda de empresas, institucións e entidades públicas e privadas de ámbito nacional e internacional, que a través da realización de PAE permitan ao alumnado alcanzar unha mellor cualificación e futura adaptación aos postos de traballo demandados polas empresas do sector. **No curso virtual da materia Prácticas en MooVi e na páxina Web do Master, o alumnado poderá consultar unha selección de centros cos que existe convenio en vigor ou**

nos que xa realizaron prácticas con anterioridade.

O alumnado poderá presentar unha nova proposta de prácticas que deberá incluír unha declaración de interese por parte da entidade colaboradora implicada (*impreso D.1. Ficha de empresa*). A CAM valorará a proposta e, en caso de aceptala, a coordinación iniciará a tramitación do correspondente convenio de colaboración.

Art. 6. Cada entidade colaboradora designará a un titor/a que se encargará do seguimento das prácticas, impulsará a súa realización e emitirá informe sobre o seu contido e avaliación seguindo o procedemento descrito no artigo 11 deste regulamento.

Art. 7. En cada **práctica** elixirase un profesor da universidade para que actúe como titor/a académico das PAE vinculadas temáticamente a él.

2. Asignación de entidade colaboradora, tema e titores.

Art. 8. A CAM habilitará os medios necesarios para prover a todo o alumnado dunha entidade colaboradora en que realizar as PAE.

O estudantado non poderá manter vinculación contractual coa entidade na que solicite as prácticas. Excepcionalmente, sempre que non se poida recoñecer a partir da experiencia laboral, que a/o estudante ocupe un posto diferente a aquel para o que está contratado e que as prácticas se realicen fora do horario de traballo, a CAM poderá autorizar a realización das prácticas na mesma empresa ou institución.

Art. 9. O coordinador/a da materia *PRÁCTICAS* será responsable da tramitación ou renovación dos convenios de cooperación educativa coas entidades colaboradoras antes do inicio das PAE.

Art. 10. O coordinador/a da materia *PRÁCTICAS* será responsable da asignación dos alumnos/as ás entidades colaboradoras para a realización das PAE. A temática do traballo a desenvolver no marco das PAE deberá axustarse aos obxectivos xerais do máster e en concreto ás competencias do Módulo **IV**.

Tralo inicio do curso académico, o coordinador/a da materia *PRÁCTICAS* publicará na plataforma docente a lista de centros cos que exista un convenio docente e as liñas de traballo que ofertan. Antes do **1 de decembro**, o alumnado realizará a elección de tres centros, priorizándoos, e comunicará esta elección mediante o envío **ao coordinador/a da materia PRÁCTICAS do impreso "Elección de centro de prácticas"**. No caso de que as solicitudes superen o número de prazas ofertadas para un mesmo centro, a asignación final corresponderá á Comisión Académica.

De conformidade co 2c do artigo nº 13 do Regulamento de Prácticas

Académicas Externas da Universidade de Vigo, aprobado en Consello de Goberno o 29 de abril de 2021, no procedemento de elección e adxudicación de prácticas, sempre que nas entidades colaboradoras estean aseguradas tanto as medidas de accesibilidade universal coma as referidas ao transporte para o traslado do estudantado, neste procedemento outorgaráselle prioridade ao estudantado con discapacidade.

Aqueles alumnos/as que así o desexen poden solicitar a convalidación das prácticas, presentando o impreso "*Solicitud de convalidación de prácticas*". As e os estudantes que desexen solicitar o recoñecemento de prácticas extracurriculares sen cualificación, proxectos de voluntariado ou experiencia profesional que se axusten á temática do Máster poderán facelo entregando o impreso "*Solicitud de recoñecemento de créditos de Prácticas*".

Art. 11. Unha vez asignados os centros de prácticas o coordinador/a da materia *PRÁCTICAS* cumprimentará e enviará ao titor/a académico o impreso *Anexo I. Condicións da práctica académica externa*. Unha vez asinado polo/a titor académico, polo/a alumno/a e mais polo titor/a da entidade colaboradora, remitirase un exemplar ao coordinador/a da materia *PRÁCTICAS*.

3. Período de prácticas

Art. 12. As PAE desenvolveranse preferentemente no período fixado para esta materia no horario oficial, pero en casos excepcionais poderán realizarse en calquera outro período do curso académico se as actividades a desenvolver así o requiren, sempre e cando non interfiran nas actividades formativas e responsabilidades do alumno/a e finalicen antes do **31 de agosto**.

Art. 13. O número de horas de prácticas académicas externas será de 150 horas, repartidas entre 140 horas presenciais e 10 horas preparatorias. As prácticas desenvolveranse nunha xornada laboral de acordo coas súas características e a dispoñibilidade da entidade colaboradora.

Art. 14. O estudantado deberá cumprir con polo menos o 85% da duración prevista no plan formativo. No caso de ausencias prolongadas, as prácticas poderán suspenderse temporalmente ou rescindirase.

Art. 15. Se a realización da práctica esixise a necesidade de desprazarse fora das instalacións da entidade colaboradora, deberá indicarse no proxecto formativo. No caso de que o estudantado teña

que realizar outros desprazamentos, estes deberán ser autorizados pola persoa titora académica.

4. Avaliación das prácticas

Art. 16. Finalizado o período de PAE, o titor/a do alumno/a na entidade colaboradora remitirá ao titor/a académico o informe de valoración utilizando o impreso *Anexo IV. Informe do titor/a da empresa ou entidade*.

Art. 17. Pola súa parte, o alumno/a deberá tamén remitir ao titor/a académico o impreso *Anexo VI. Informe do/a estudante* e a *Memoria Final de PAE*. A Memoria Final de Prácticas axustarase en extensión e contidos ao modelo que se facilitará na plataforma docente.

Art. 18. Unha vez recibidos os informes de valoración e a Memoria Final de Prácticas, o titor académico será o responsable de emitir a valoración final das prácticas, utilizando os impresos *Anexo V. Informe titor/a académico* e *Anexo X. Certificado de realización das prácticas externas*, en base aos seguintes parámetros:

1. Análise da valoración global do titor/a da entidade colaboradora, recollida no impreso *Anexo IV*.
2. Avaliación da *Memoria Final de PAE* enviada polo alumno/a.

Os criterios de avaliación, **cualificación e ponderación** de cada parámetro (informe e memoria) publicaranse cada **curso** na guía docente da materia.

Art. 19. O coordinador/a da materia *PRÁCTICAS*, recibidos debidamente cumprimentados os **Anexos IV, V, VI, e X**, será o responsable de cubrir as Actas coa cualificación final outorgada polo titor/a académico, con puntuacións comprendidas entre 0 e 10 e con posibilidade de incluír decimais.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para todo aquilo non previsto neste regulamento, estarase ao disposto no Regulamento de Prácticas Académicas Externas da Universidade de Vigo, aprobado en Consello de Goberno o 29 de abril de 2021 e demais normativa concordante.

[Regulamento aprobado pola CAM na súa reunión do 15/07/2022 e refrendado pola Xunta de Centro na súa reunión do ¿?/?/?/2022]